O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro 2016, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017 e foi emendado da deficiencia atopada no orzamento do proxecto mediante decreto da alcaldía de data 28/04/2017 (que se ratificou por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 29/05/2017).

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.50, aprobáronse





por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 01/02/2018.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, da data 07/02/2018, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data, e no diario La Voz de Galicia, da data 16/02/2018.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 20/03/2018, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1) Nemesio Ordóñez, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/03/2018, co número 2.758.

2) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/03/2018, co número 2.801.

3) Construcciones Ponciano Nieto, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/03/2018, co número 2.826.

4) Sondeos Porzuna, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/03/2018, co número 2.833.

5) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/03/2018, co número 2.838.

6) Construcciones J.Mauri e Hijos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/03/2018, co número 2.842.

7) Contruccións Fermín Simal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/03/2018, co número 2.843.

8) Excavaciones y Obras Melchor, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/03/2018, co número 2.855.

9) Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/03/2018, co número 2.907.

10) Canarga, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.051, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.

11) Francisco Gómez y Cia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.063, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.

12) Explotaciones Gallegas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.064, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.

13) Arias Infraestructuras, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.067, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.

14) Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.074, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.

15) Hordescón, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.082, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180230438
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 28/05/2018		Fecha: 28/05/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/05/2018		Hora: 19:45





16) Empresa de Mezclas Asfálticas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.097, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.

17) Nexia Infraestructuras, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.119, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.

18) Excavaciones Pose, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.126, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.

19) Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (MARCONSA).- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 07/03/2018, co número 3.155, presentada a través da oficina de correos na data 05/03/2018.

O acto da apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 05/04/2018, na que, despois de analizada a documentación aportada, acordou declarar admitidas a esta licitación ás dezanove (19) empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público de apertura dos sobres "C" (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta licitación celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 09/04/2018, ofrecendo o resultado seguinte:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
Nemesio Ordóñez, S.A.	133.374,26 €
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	129.057,30 €
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	108.718,81 €
Sondeos Porzuna, S.L.	112.313,26 €
Arines Obras y Proyectos, S.L.	114.426,59 €
Construcciones J.Mauri e Hijos, S.L.	110.561,20 €
Contruccions Fermín Simal, S.L.	169.788,42 €
Excavaciones y Obras Melchor, S.L.	117.999,99 €
Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.	128.696,05 €
Canarga, S.L.	141.322,31 €
Francisco Gómez y Cia, S.L.	124.114,00 €
Explotaciones Gallegas, S.L.	122.514,00 €
Arias Infraestructuras, S.A.	144.730,81 €
Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	127.829,04 €
Hordescón, S.L.	171.323,79 €
Empresa de Mezclas Asfálticas, S.L.	128.659,92 €
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	150.226,67 €
Excavaciones Pose, S.L.	165.000,00 €
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (MARCONSA)	126.430,06 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións





correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polos licitadores "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", "Sondeos Porzuna, S.L.", "Construcciones J.Mauri e Hijos, S.L." "Arines Obras y Proyectos, S.L." e "Excavaciones y Obras Melchor, S.L." deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a mesa de contratación, na súa reunión da data 09/04/2018, acordou requirir as citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen a súas respectivas ofertas.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación as cinco empresas requiridas.

Con data 19/04/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das ofertas presentadas na licitación da obra "Pavimentación de camiños no Concello de Riveira: camiño dende estrada San Roque-Deán Pequeno e 14 máis"*, no que conclúe que:

*"Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:*

*Na documentación presentada por Construcciones Ponciano Nieto, S.L. expón os motivos que a levaron a realizar a súa oferta, relacionando os medios propios, maquinaria, medios auxiliares, e persoal que dispón para executar a obra, así como o volume de obra contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*As empresas Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L., Sondeos Porzuna, S.L. e Excavaciones y Obras Melchor, S.L. non expoñen motivos especialmente vantaxosos que xustifiquen as súas ofertas, ao non indicar prezos dos provedores dos materiais mais importantes nin os custos fixos na forma establecida no prego, polo que non se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*Pola súa parte, a empresa Arines Obras y Proyectos, S.L. expón que non xustificará a baixa temeraria coa intención de non dilatar os prazos do procedemento de contratación."*

E segundo o exposto propón *"aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. e excluír ás empresas Arines Obras y Proyectos, S.L., Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L., Sondeos Porzuna, S.L. e Excavaciones y Obras Melchor do proceso de licitación."*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 25/04/2018 a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 26/04/2018, adoptou os seguintes acordos:

*PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/04/2018 e considerando a documentación aportada polas empresas as que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:*

*a. Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L."*





- b. Excluir da licitación ás empresas “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.”, “Sondeos Pozuna, S.L.” e “Excavaciones y Obras Melchor, S.L.”, por non considerar suficiente a documentación aportada.
- c. Excluir da licitación a empresa “Arines Obras y Proyectos, S.L.” por non ter presentado documentación xustificativa da súa oferta económica.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da “Pavimentación de camiños no Concello de Riveira: camiño dende estrada San Roque-Deán Pequeno e 14 máis”, do seguinte xeito:

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1º	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	108.718,81 €
2º	Explotaciones Gallegas, S.L.	122.514,00 €
3º	Francisco Gómez y Cia, S.L.	124.114,00 €
4º	Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (MARCONSA)	126.430,06 €
5º	Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	127.829,04 €
6º	Empresa de Mezclas Asfálticas, S.L.	128.659,92 €
7º	Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.	128.696,05 €
8º	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	129.057,30 €
9º	Nemesio Ordóñez, S.A.	133.374,26 €
10º	Canarga, S.L.	141.322,31 €
11º	Arias Infraestructuras, S.A.	144.730,81 €
12	Nexia Infraestructuras, S.L.U.	150.226,67 €
13	Excavaciones Pose, S.L.	165.000,00 €
14	Contruccions Fermín Simal, S.L.	169.788,42 €
15	Hordescón, S.L.	171.323,79 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas





as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida por medio de correo electrónico.

Dentro do prazo concedido a empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/05/2018 co número 6.727. Entre a documentación presentada inclúese aval de *Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.)* inscrito no *Registro Especial de Avaluos* co número 49.732), por importe de 5.435,94 euros, en concepto de garantía definitiva do contrato e aval de *Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.)* inscrito no *Registro Especial de Avaluos* co número 49.733), por importe de 5.435,94 euros, en concepto de garantía complementaria do contrato.

Consta no expediente certificado de débedas expedido polo tesoureiro municipal José Antonio Rueda de Valenzuela, de data 09/05/2018, acreditativo de que o licitador “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” atópase ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Riveira.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 14/05/2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 23/05/2018.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/04/2018 e considerando a documentación aportada polas empresas as que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:

- Excluír da licitación ás empresas “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.”, “Sondeos Porzuna, S.L.” e “Excavaciones y Obras Melchor, S.L.”, por non considerar suficiente a documentación aportada.
- Excluír da licitación á empresa “Arines Obras y Proyectos, S.L.” por non ter presentado documentación xustificativa da súa oferta económica.

**TERCEIRO**.- De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector





Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 26/04/2018, **adxudicar o contrato para realizar as obras do proxecto de "Pavimentación de camiños no Concello de Riveira: camiño dende estrada San Roque-Deán Pequeno e 14 máis" á empresa "Construccion Ponciano Nieto, S.L." (NIF número B15293145), nas seguintes condicións contractuais:**

**a) Prezo total do contrato: 131.549,76 euros (base: 108.718,81 euros ; IVE 21%: 22.830,95 euros).**

**b) Prazo de execución: 6 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data decembro/2016.**

**CUARTO.-** De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**QUINTO.-** Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

**SEXTO.-** De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

#### **4.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL E MARIÑEIRA ARTEMAR 2018.**

Visto o expediente que se tramita para contratar a Organización da feira artesanal e mariñeira Artemar 2018.

Consta no expediente:

- 1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado como contrato administrativo especial, asinada polo programador de exposicións municipal Unai González Suárez e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, na data 09/05/2018.
- 2) Prego de prescricións técnicas asinado conxuntamente pola técnica de turismo Sandra María Fernández Gómez e pola técnica do departamento de cultura Sara García Sampedro, na data 10/05/2018.







- 3) Informe sobre a non utilización de medios electrónicos no procedemento de licitación do contrato administrativo especial da organización da feira artesanal e mariñeira Artemar 2018, asinado polo técnico informático municipal Ramón Martínez Becerra, na data 11/05/2018.
- 4) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto simplificado, con varios de criterios de adxudicación, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 14/05/2018.
- 5) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 16/05/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 6) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 18/05/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo especial, por estar vinculado ó xiro ou tráfico específico da administración contratante, tal y como establece o artigo 25.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Vistos os artigos 117, 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da LCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da Organización da feira artesanal e mariñeira Artemar 2018**, cun importe mínimo de licitación de 4.846,23 euros (valor estimado: 4.846,23 euros). Este canon a satisfacer polo adxudicatario ó Concello poderá ser incrementado polos licitadores na súa oferta.

**SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas** asinado conxuntamente pola técnica de turismo Sandra María Fernández Gómez e pola técnica do departamento de cultura Sara García Sampedro, na data 10/05/2018.

**TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerá a contratación por procedemento aberto simplificado, con varios de criterios de adxudicación, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 14/05/2018.

**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación.

**QUINTO.-** Conforme establece a cláusula 5ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, esta licitación anunciarase no perfil do contratante do Concello de Riveira (<http://www.riveira.gal/>) a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.



<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO: 20180230438</b>
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 28/05/2018 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/05/2018	Fecha: 28/05/2018 Hora: 19:45





#### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 18/05/2018 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Renovación de servizos e pavimentación da Rúa Álvaro Cunheiro (Riveira)””**.

#### V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

##### **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021.**

Visto o expediente de licitación que se tramita para a adxudicación, pola vía de urxencia, de seis postos para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021.

Visto que o PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021 foi aprobado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 8 de febreiro de 2018, e nese mesmo acordo se aprobou o expediente e se dispuxo a apertura do procedemento de licitación.

Visto que a licitación se anunciou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 33, de data 16 de febreiro de 2018, e nos taboleiros de anuncios do Concello de Riveira e da páxina web oficial.

Visto que do extracto de consulta do Rexistro de Documentos de Entrada, emitido na data do 15 de marzo de 2018, e da documentación obrante na Oficina de Medio Ambiente, se conclúe que entre as datas do 19 de febreiro e o 9 de marzo de 2018 presentaron oferta na licitación obxecto deste expediente as seguintes persoas físicas:

1. Pablo Pérez Escariz, DNI 44.839.099-R, oferta rexistrada de entrada con data 8 de marzo de 2018, núm. 3.195.
2. Carlos Romero Lage, DNI 79.330.849-P, oferta rexistrada de entrada con data 8 de marzo de 2018, núm. 3.197.
3. José Ángel Rodríguez Álvarez, DNI 52.936.489-B, oferta rexistrada de entrada con data 8 de marzo de 2018, núm. 3.207.
4. Fernando Varela Rodríguez, DNI 33.278.245-M, oferta rexistrada de entrada con data 9 de marzo de 2018, núm. 3.278.
5. David Fuentes Requeijo, DNI 44.814.717-E, oferta rexistrada de entrada con data 9 de marzo de 2018, núm. 3.294.





6. David Fernández Fernández, DNI 52.459.342-E, oferta rexistrada de entrada con data 9 de marzo de 2018, núm. 3.298.

7. Alberto Pérez Doval, DNI 53.485.190-R, oferta rexistrada de entrada con data 9 de marzo de 2018, núm. 3.304.

Visto que a Mesa de Contratación, en sesión celebrada en data 15 de marzo de 2018, procedeu a realizar a apertura dos sobres coas ofertas, e ao estudio da documentación aportada, acordando o seguinte:

*“Primeiro. De conformidade co disposto no artigo 8 do Prego, clasificar as ofertas recibidas en función da orde de preferencia e prezo ofertado, coa seguinte proposta de adxudicación:*

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	POSTO	PREZO OFERTADO
José Ángel Rodríguez Álvarez	Coroso 1	1.219,44 euros
Pablo Pérez Escariz	Mosqueiros	776,00 euros
David Fuentes Requeijo	Corna (Modorróns)	608,72 euros
David Fernández Fernández	Coroso 2	1.200,00 euros
Alberto Pérez Doval	Ameixida	1.000,00 euros

*Segundo. Requirir aos licitadores dos postos referidos no punto anterior para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que reciban a comunicación, presenten garantía ou fianza de conformidade co previsto no artigo 9 do Prego.*

*Terceiro. Unha vez depositadas as fianzas, remitir a proposta de adxudicación relativa aos postos denominados Corna (Modorróns), Coroso 1, Coroso 2, Ameixida e Mosqueiros, ao Órgano de Contratación aos efectos oportunos de adxudicación.*

*Cuarto. Iniciar o procedemento abreviado en relación co posto vacante de Touro no que poderán participar os licitadores que non resultaron adxudicatarios de ningún posto, que poderán formular oferta en sobre pechado polo rexistro no prazo de dous días hábiles a contar dende a publicación do aviso no taboleiro de anuncios do Concello de Riveira e na páxina web municipal, de conformidade co previsto no artigo 6 do Prego.”*

Vistos os escritos remitidos aos licitadores que non resultaron adxudicatarios de ningún posto mediante o que se lles comunica que se vai iniciar un procedemento abreviado en relación co posto vacante denominado Punta Touro, no que poderán participar ao non resultar adxudicatarios de ningún posto, podendo formular oferta en sobre pechado polo rexistro no prazo de dous días hábiles a contar dende a publicación do aviso ao efecto no taboleiro de anuncios do Concello de Riveira e na páxina web municipal:

1. Escrito dirixido a Carlos Romero Lage, de data 20 de marzo de 2018 (escrito con data do 21 de marzo de 2018, saída núm. 1.512).

2. Escrito dirixido a Fernando Varela Rodríguez, de data 20 de marzo de 2018 (escrito con data do 21 de marzo de 2018, saída núm. 1.513).





Visto que o aviso estivo exposto no taboleiro de anuncios do Concello de Riveira dende o 11 ata o 19 de abril de 2018, así como na páxina web municipal, onde foi colgado en data 12 de abril de 2018.

Á vista da consulta efectuada no Rexistro de Documentos de Entrada ao finalizar o prazo de presentación de ofertas, e da documentación obrante no Servizo de Medio Ambiente, conclúese que entre as datas do 13 e o 16 de abril de 2018 (dous días hábiles) presentaron oferta no procedemento abreviado de licitación obxecto deste expediente as seguintes persoas físicas:

Único.- Fernando Varela Rodríguez, oferta rexistrada de entrada con data 16 de abril de 2018, núm. 5.601.

Visto que a Mesa de Contratación, en sesión celebrada en data 25 de abril de 2018, procedeu a realizar a apertura do sobre coa oferta, e ao estudio da documentación aportada, acordando o seguinte:

*“Primeiro. De conformidade co disposto no artigo 8 do Prego, clasificar a oferta recibida coa seguinte proposta de adxudicación:*

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	POSTO	CANON OFERTADO
Fernando Varela Rodríguez	Punta Touro	750,00 €

*Segundo. Requirir ao licitador para que, dentro do prazo de DEZ (10) DÍAS HÁBILES, contados dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a garantía ou fianza de conformidade co previsto no artigo 10 do Prego.*

*Terceiro. Unha vez depositada a fianza, remitir a proposta de adxudicación relativa ao posto denominado Punta Touro ao Órgano de Contratación aos efectos oportunos de adxudicación.”*

Visto que se presentou a fianza en metálico que se indica a continuación:

- De Fernando Varela Rodríguez, DNI 33.278.245-M, por importe de 1.000 euros, segundo Talón de Cargo expedido polo departamento de contabilidade deste Concello na data 23 de maio de 2018.

Vista a proposta de resolución da Alcaldía emitida ao respecto, en data 23/05/2018, e asinada polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, e polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 1 de xullo de 2015 (*ditado ao abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), por unanimidade dos presentes, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

**Adxudicar o posto que se indica a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021,**





nas condicións sinaladas no Prego reitor do expediente e coas obrigas específicas indicadas no artigo 10 do mesmo:

ADXUDICATARIO	POSTO	CANON OFERTADO
Fernando Varela Rodríguez, DNI 33.278.245-M	Punta Touro	750,00 euros

#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Hermosinda Gude Pego**, de data 23/04/2018 (Rexistro de entrada nº 5.964), no que solicita licenza de obras para Reforma de cuberta e demolición parcial de de edificación auxiliar existente, sita na Rúa Ramón y Cajal nº 4, Riveira en parcela con refª catastral nº 0715902NH0101N0001DF.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 16/05/2018, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 16/05/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/05/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Sra Hermosinda Gude Pego **LICENZA DE OBRAS (Nº 24/18)** para **REFORMA DE CUBERTA E DEMOLICIÓN PARCIAL DE EDIFICACIÓN AUXILIAR EXISTENTE**, sita na Rúa Ramón y Cajal nº 4, Riveira en parcela con refª catastral nº 0715902NH0101N0001DF, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Galicia de data 20 de abril de 2018 Sr. Manuel Vidal García, (arquitecto técnico col. nº 807):

- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxa sita ao longo do vial, **refléxase unha superficie de cesión en total de 11,63 m<sup>2</sup>**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais*





*segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 914,70 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.*

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*





- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**2.-** Vistos os escritos presentados por **María Elisa Pouso Martínez**, de datas 20/10/2017 e 23/04/2018 (Rexistros de entrada nº 16.795) e 5.974, nos que solicita licenza de obras construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta baixocuberta, no lugar de Sirves, Olveira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A940009980000UF.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, vistos os informes técnicos emitidos polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de datas 27/10/2018 e 21/03/2018, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 27/10/2017, vista a Resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinada digitalmente na data 27 de fbreiro de 2018 pola xefa do servizo Sra. Rosario Fernández-Albalat Ruize, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 15/05/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Sra. Mª Elisa Pouso Martínez **LICENZA DE OBRAS (Nº 25/18)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA BAIXOCUBERTA** no lugar de Sirves, Olveira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A940009980000UF nos termos do Proxecto Básico e de Execución



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180230438
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -	28/05/2018	Fecha: 28/05/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL -	28/05/2018	Hora: 19:45







visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 6 de outubro de 2017, redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451):

- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxa sitas ao longo dos viais, **refléxase unha superficie de cesión en total de 112,66 m<sup>2</sup>**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 368,08 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.





- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**CUARTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán





considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**OITAVO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

**1.-** Visto o escrito presentado por **María Ángeles Cores Amigo**, de data 16/05/2018 (Rexistro de entrada nº 7.144), no que solicita información urbanística de parcela situada en Rúa da Chouza (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 23/05/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A01900433

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de





Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

- 1) A finca indicada no encabezamento atópase, na parte frontal da mesma, dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016 (LSG), do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. Seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.
- 2) A parte traseira da parcela atópase clasificada como solo rústico de protección ordinaria, e séndolle de aplicación o disposto pola vixente LSG, en aplicación da xa citada D. Transitoria
